

## Illas Cíes

Primeiro pido disculpas pola tardanza en escribir a miña redacción pero o verán esta cheo de festas e romarías e hai que ir a todas...

Tiña moitas ganas de coñecer as Illas Cíes porque son moi aficionada a fotografía e xa sabía das súas paisaxes.

Pola mañá cedo saímos todos os da Pasada das Cabras en bus, unha parada rápida e chegar a tempo a Vigo para coller o ferry. O bo tempo acompañou todo o día e o paseo en barco foi moi animadoanimado.

As Illas non decepcionan, nada máis pisar terra xa se pode disfrutar desas augas cristalinas e esa area branca. E iso é o que fixemos todos, tomar o sol e darnos un baño na praia máis larga que ten, a de Rodas.

Despois de comer a maioría fixemos algunha das varias rutas que se poden disfrutar para ter vistas desde os faros e miradores. Ir rodeando a illa estre as árbores e con vistas ó océano é algo increíble. Non me extraña que teña tantos visitantes e que os pobos antigos que os habitaban xa falaban marabillas delas.

A volta no ferry foi cansada, algúns ata dormimos pero alí quedaban as Illas Cíes, agardando por nós para cando poidamos volver.

A cea de noite no hotel, eu xa non puiden baixar, o sono ganoume. Tiña que repoñer forzas para patear o día seguinte Pontevedra, que tampouco coñecía e que me gustou moito. Bonitas as súas rúas peatonais, mágoa que fora domingo e as tendas estiveran pechadas. No camiño de volta todos durmimos algo, cansados pero felices.

Ata a próxima cita, un saúdo para todos!

Gabriela Garcia Vega